Notas para un borrador sobre a necesidade de protección para Sisargas


(Seguro que hai mais dun erro, polo meu mal-entender ós vellos mariñeiros e/ou os libros e artigos consultados)

Singularidades sociais. As singularidades xeográficas e históricas da Illa

Xeográficas:

- Sisargas é unha illa que, de marea chea, son tres: Grande, Mediana (ou do Talieiro) e Pequena[1]. Os mariñeiros de Malpica, entre eles, din '***A Illa***'. E falando con xente doutros portos din '***Sisargas***', nunca "Illas Sisargas"[2].
- Sisargas é a illa mais extensa do Cantábrico galego. Entre Sisargas e Vilán está a xenuína linde entre Atlántico e Cantábrico. Entre Touriñán (na Costa da Morte) e San Vicente (no Algarve) a costa ibérica mira clara e tercamente cara o oeste, quedando libre dos ventos de Norte e Nordés (os animoi [= ventos] Boreas, Meses e Kaijías para os navegantes gregos).

  "Basta con situarse un día de temporal no cumio do Cabo Santo Hadrián ou Monte de Beo para enxergar que dous mares tan diferentes se ofrecen á perspectiva. Cara o leste, na dirección a Malpica, Caión e A Torre de Hércules, os vagallóns do mar, aínda que tremendos e abraiantes, non son comparables co espectáculo que se presenta cara o vendaval, na dirección a Punta Nariga e Punta Roncudo, toda unha cachoeira continua e branca de escuma, dos centos de cabezos e baixíos en augas pouco profundas, traicioeiras para a navegación" [3]



Plano da Illa (ano 1789), en ARCHIVE.ORG de moi boa resolución *(recorte)*

- Sisargas é a única illa galega 'relevante' que quedou fora do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia. Pensando en termos económicos, ***"A Illa" aínda ten un 'capital natural' que non***

---


[1] Martín Sarmiento póno nun escrito seu. Noutro di que Sisargas está formada por tres illas que, de marea baixa, son unha.

[2] Queda aínda moito por facer en canto ó respeto á toponimia en xeral e á talasonimia en concreto. Este debería ser un dos obxectivos dun proxecto de protección para Sisargas (no que me ofrezo a colaborar total e desinteresadamente).

[3] ABELLA CHOUCIÑO, X.R.: 'Xeoantropoloxía mítica da Costa da Morte', 2019, páx. 38.

deberiamos 'dilapidar'. A pesca ilegal constantemente permitida e/ou non vixiada nin fiscalizada coherentemente polos propios profesionais do porto de Malpica (excesos nas capturas dos pescadores deportivos á cana ou de buceo, a pesca fóra de temporada, as pezas que non teñen as medidas mínimas, etc). Os avances tecnolóxicos deste último medio século (cascos, motores, artiluxios de orientación e avistamento, materiais sintéticos e artes de pesca esquilmadoras e/ou contaminantes e moito mais efectivos en capturas que os tradicionais, etc). **Dentro do PNMTIAG ou fóra del[4] deberiamos protexer Sisargas a un nivel moito maior do actual**. Obtendo, con seguridade, mellores ingresos e calidade de vida os profesionais da pesca.

- Sisargas é "linde" (mais cordón umbilical que fronteira, pois sofre tamén dos ventos de suroeste[5]) e os mariñeiros ven o porto de Malpica mais Cantábrico que Atlántico, debido á presenza da Illa e do Monte de Beo[6], protectores e abastecedores deste porto. Esto debe de ter algo que ver co carácter sagrado e mítico tanto do Monte de Beo coma de Sisargas, do que hai indicios suficientes, como direi logo nunha pequena nota histórica.
- Se non fose pola Illa, nin Malpica nin o seu porto serían os mesmos. **Os ventos de vendaval** (oestes, sures e



suroestes) non impiden que a pesca tradicional siga, con tal de non alonxarse moito cara norte. Na Malla de Navenllos, nas Mallas da Area, no Taredo, segue a actividade pesqueira, salvo con fortes temporais (o mesmo que lles sucede ós portos do Mar Cantábrico). E, entre Sisargas e Tarifa, unha motora dedicada á pesca tradicional non pode traballar, agás no interior de amplos esteiros e rías.

---

[4] Podería facerse un "Consorcio" do que deberían formar parte os **propietarios** que quixeran sumarse, as **universidades** que quixeran sumarse, as **cofradías** de pescadores que quixeran sumarse, os **concellos** que quixeran sumarse, os **grupos** ecoloxistas e naturalistas que quixeran sumarse, os **cidadáns** individuais que quixeran sumarse. Co fin primordial da protección, respeto e mantenemento da biodiversidade de Sisargas. Incluíla no Parque das Illas Atlánticas de Galicia, penso que tería varios inconvintes que habería que estudiar con profundidade: A Illa, pola súa situación, ten un carácter "mixto" (tanto ou mais Cantábrico que Atlántico). Polo seu tamaño sensiblemente menor e de alta biodiversidade. Pola lonxanía a grandes núcleos urbanos e turísticos. Pola cercanía a unha terra firme claramente rural. Etc. Etc. Véxoa mais coma unha ILLA-ESCOLA para xeólogos, biólogos e 'naturalistas' en xeral, con visitas puntuais e limitadas por número de visitantes, temporadas e tempo de estancia. Cun aprobeitamento ben fiscalizado en canto á pesca e marisqueo tradicional, e excluíndo calquera tipo de "pesca deportiva".

[5] Unha pedra no mar, pero a poucos metros da beira do Monte de Beo, mesmo na caída da ermida cara nordés, é chamada polos mariñeiros 'Pasamelogo'. Cara norte desa pedra (en Escada d'Areas) as lanchas e botes a vela seguían en perigo con oestes e suroestes.

[6] Beo, para Gelucho Abella, podería vir do indoeuropeo 'beo' = vida. Ou tamén podería vir dun 'bekku' = cabra?.

- Pero non somentes eso. A Illa está rodeada dun *"fondo mariño mixto"* con moitos *"compartimentos"* de limpo e de cuberto: bosques de algas, baixos, mallas, camallóns, illotes, pedras, laxes, cotes, olgas, petóns, cabezos, carreiros,... Cando falamos da Illa tamén falamos do que non se ve: As Ma(i)ores, O Castro, A Abada, Carreira, A Chan, A (V/B)ermedeira, Pedornelos, O Corvo, Xana García,... criadeiro e vivenda dunha variedade de peixes e mariscos que coas artes de pesca tracicional (liña, nasas, miños,...) foron o sustento das xentes de Malpica, Seaia, Beo e Barizo durante, a lo menos, tres milenios[7].

Históricas:

- Presenza e intervención humana en Sisargas, dende o mito ata a actualidade:
  - Entorno mítico-relixioso. Moitas mouras, tanto en Galicia coma noutras fisterras atlánticas (Bretaña, Cornualles, Irlanda), tiñan un carácter de tríada, unha soa que eran tres, coma Sisargas: A Illa que son tres.
    Entre 'A Illa' e 'O monte de Beo' está 'O Carreiro' que é coma un río "de dobre sentido": cando enche a marea a auga corre cara nordés, e cando baixa a marea vai cara vendaval. A forma '***ad-ro***' é unha corrente de auga en indoeuropeo e '**Adrâo'** é o nome en que aparece o santo da ermida do Monte de Beo nos textos medievais, o mais posible é que sexa unha coincidencia. Pero tampouco é tan estrano que arredor do século VI ou VII, cando ¿rematou? de instaurarse o latín coa chegada do cristianismo, escolleran a advocación de San Adrián pola similitude fonética con ad-ro[8].
  - Entorno histórico.
    - Posible localización dunhas 'Aras' adicadas a Xulio César (> Cesáricas > Sisargas[9]). Uns anos antes do cambio de era (ano 61 a.C, nos días anteriores ó comenzo da primavera), as naves de Xulio César déronlle a volta á península de Iberia, dende Gades, na busca de contacto e riquezas (ouro e outros metais) para que César medrara en fama e poder respecto ós seus adversarios polo control do imperio. O seu destino era Brigantia (no Magnus Portus Artabrorum onde construirían moitos anos despois a chamada Torre de Hércules, porta oeste do gran porto dos Ártabros). O derradeiro sinal antes de chegar é Sisargas (probable ubicación das "aras cesáricas" de Sestio). Serían tres esas aras, coma unha 'tríada' é Sisargas?
    - No diario dun navegante inglés do século XII pode lerse que en Sisargas había tres chozas de ermitáns. Na illa Grande de Sisargas as tres? Unha en cada illa? Sería unha desas "chozas" a orixe da ermida de Santa Mariña de Sisargas?
    - A tradición oral di que a ermida de Santa Mariña de Sisargas[10] foi destruída polos normandos nunha das súas expedicións a Galicia entre o séculos IX e XI (entre os anos 858 e 1028). Pode

---

[7] Unha obra, sobre a pesca artesanal en España, da que extraer ilustracións e datos importantes é: "Diccionario histórico de los artes de la pesca nacional" de Antonio Sáñez Reguart. Cinco fermosos tomos que se poden baixar facilmente de ARCHIVE.ORG.
[8] Coma sucede coas aras de Sisargas (nomeadas no seguinte apartado), moi posiblemente fose O Monte de Beo un lugar mítico-sagrado xa antes da chegada do cristianismo. Sisargas, mundo de mouras; Beo (vida), comenzo do mundo dos vivos. 'A Crus de Beo' (ó pe da estrada de Malpica-Ponteceso) sinala exactamente o Norte ó alinearse coa Laxe dos Zoquiños (ou dos Faluchos) e, polo tanto, coa Estrela Polar.
[9] Contoume Gelucho que, en lugares destacados da costa onde xa había un culto prerromano, os romanos ubicaban aras e templos, respetando así os lugares 'sagrados' para os indíxenas. Polo que é moi posible que A Illa xa tivera un carácter sagrado dende fai mais de dousmil anos. Penso que o Monte de Beo e Sisargas eran lugares xa míticos, onde habitaban 'mouras' e/ou 'mouros' (posiblemente de 'mavros' = mortos) [no lugar de Beo os veciños "saben" que 'A Pedra Vella' carrexouna unha moura na cabeza mentres lle daba o peito a unha criatura e, ó mesmo tempo, fiaba e levaba unha regazada de ovos, hoxe aínda está alí onde a deixou a moura, na caída das Barbas do Castro]. Quizá nun doble nivel, o mais próximo do Monte de Beo (coma remate do mundo dos vivos), e o nivel mais profundo (inaccesible, illado) de Sisargas.
[10] "Xeoantropoloxía mítica da Costa da Morte" de Abella Chouciño, X.R., 2019, páx. 43: *"O Visitador de 22-1-1617, no Libro de Fábrica N° 2 de Malpica, cita* ***"otra hermita de santa marina en la ysla de Sesarga La qual pareze que derribaron Los***

ser que existise xa unha ermida nese tempo, que fose levantada de novo? Outros contan que foi a escuadra de Drake despois do intento de conquistar o porto da Coruña, como resposta ó ataque, no ano anterior, da 'Armada Invencible' de Felipe II a Inglaterra, a finais do século XVI (dato histórico corroborado por escritos da época que recolle Xelucho na súa "Antropoloxía mítica..."). Poucos anos despois pasou por Sisargas unha flota turca, que atacou Malpica (pode que só para coller víveres, ou para facer escravos) e a xente fuxíu terra adentro, anque a ermida na Illa non fora levantada de novo nese tempo. Hai constancia na tradición oral da estancia en Sisargas de 'piratas' ¿turcos, franceses, holandeses, ingleses? que deixaron enterrado un tesouro na Illa. Se Sisargas foi unha "illa do tesouro', os fareiros que a habitaron non conseguiron atopalo a pesar que non poucos deles o buscaron nas súas monótonas e longas estancias alí illados.

- Naufraxios na Sistela, no Corvo, nas Malantes, no Manánimo,...

- Actividade humana.
  - Non se conoce dende cando hai influencia humana na Illa ata: a posibilidade de cultos prerromanos, as Aras Sestianas, os ermitáns medievais, a ermida de Santa Mariña, o marisqueo e pesca desde tempo inmemorial. Non hai noticias de que Sisargas fose habitada de maneira permanente ata o século XIX, exceptuando ós eremitas medievais.
  - Sendo "Director General de Caminos, Canales y Puertos" (do 12 de xaneiro de 1844 ó 20 de febreiro de 1847 por renuncia persoal) o malpicán Manuel Varela Limia[11] aprobouse a construcción dunha cadea de faros polas costas españolas, entre eles os de Fisterra e Sisargas (inaugurados no ano 1853 adiantándose Fisterra por uns días). Manuel morre en Madrid ese mesmo ano sen poder ver cos seus paisanos os froitos do seu traballo[12]. Dende ese ano viviron na Illa Grande de Sisargas os torreiros e as súas familias ata entrado o século XX. Anque, sempre que era posible, as mulleres viñan a Malpica para dar a luz; Gelucho na súa "Xeoantropoloxía..." transcribe do Libro de Bautizados N° 8 da parroquia a noticia do primeiro nacemento documentado en Sisargas: o 21-3-1856 naceu na illa un neno, bautizado o 26 co nome de Gabriel Benito, ***"hijo legitimo de Juan Genaro Lobo y de Ant.ª Roybal, el natural del Ferrol y ella de Santiago...: fueron padrinos Juan do Rego y su muger Bernda. Fernez., vecinos como los padres del niño y residentes en las islas Sisargas, empleados en el faro establecido en ellas"***.
  - Entre o faro e a pedra chamada O Flaire hai unha vaguadiña algo abrigada dos ventos de norte e nordés e nela unha casiña de pedra dun so andar e sen divisións interiores. Pode que as familias de fareiros tiveran criados para axudar nas labores da casa-faro. O certo é que, nos anos 1920's, Maghío e a súa muller viviron nela e criaron ós seus dous primeiros fillos, pero xa non se ganaba para subsistir catro na casa e, cando o mais vello empezou á escola a familia abandonou A Illa e foron vivir Á Atalaia, rueiro orixen da vila de Malpica. Uns dez anos despois, anque só durante os veráns, A Tía Concha e o seu home "Vilacho" marchaban

henemigos *(na primavera do ano 1589)* ***y despues no se a buelto a reedificar"*** *(f. 20-21). Como vimos anteriormente, por esta ermida de Santa Mariña e pola de Santo Hadrián o conde de Altamira percibía anualmente a renda de seis ou sete cargas de trigo, coa obriga de reparalas (f. 20-21). Aínda hoxe as tres illas (de) Sisargas son propiedade dos herdeiros do conde de Altamira."*

Dez anos antes da anterior Visita, no 1607 o cardenal J. del Hoyo recolle a mesma noticia: ***"Hay tres hermitas: una en la isla mayor de Sisarga, de Santa Mariña que destruyeron los hereges…"***

[11] https://es.m.wikipedia.org/wiki/Manuel_Varela_Limia, e tamén a Rede Nacional de Telegrafía Óptica

[12] Manuel era moi baixiño, case enano, enfermizo, bo matemático e gran enxeñeiro. Moi apreciado pero nada ambicioso. Tamén loitou e avalou o proxecto dun dique de abrigo para o porto de Malpica (caso único en Galicia de porto sen abrigo, pero entre os mais importantes en canto a capturas). É interesante ler o proxecto deste dique e as súas constantes "rebaixas", despois da morte de Manuel, ata que se realizou polos 1860's; pero que os fortes temporais do primeiro inverno que sufrío o desfixeron por completo.

cos seus fillos para Sisargas e durmían na que fora a casa de Maghío. Polo día traballaban apañando macroalgas (*'golfe'*) da familia das Laminarias (*'gholeón'* e *'bescorra'* na denominación local). Poñían a secar todo ese golfe que despois queimaban no "forno do golfe" que construíran eles mesmos na ladeira da illa Mediana que mira cara Estádiga, frente das Grades e dos restos de Santa Mariña.

- É de supoñer que a recollida de ovos de gaivota para consumo propio, pero tamén para a venda nas prazas e feiras, foi unha actividade que se perde no tempo. E que debeu medrar na Baixa Idade Media co aumento da pesca no porto de Malpica.
- En tres noites de verán de 1937 e 1938, mentras a familia de Vilacho, durmía e descansaba na súa casiña, tres motoras da tarrafa deixaban o aparello na Illa e collían rumbo norte para chegar a portos da Bretaña, na fisterra francesa, fuxindo da guerra e, algún deles, das ameazas de morte.

Adrián Abella Chouciño

adrianmalpica@gmail.com